

MOAÑA: PRINCIPAIS RECURSOS TURÍSTICOS E PUNTOS DE INTERESE

PLANS EN FAMILIA:

A Poza da Moura
A Chan da Arquiña
Ruta de Rial da Arca
Esculturas de Moaña

AMANTES DO SENDEIRISMO:

Ruta da Fraga
Ruta da Freixa e da Miñouba
Subida á Paralaia

CULTURA MARIÑEIRA:

San Bartolomeu e Museo das Carreiras
Portos
Ruta das canteiras de pedra

HISTORIA E PATRIMONIO:

Petróglifos, castros, dolmen
Igrexas románicas
Pazos e outros

MIRADOIROS:

Monte Faro
Monte Gagán
Fontenla
Outeiro do Aviador
Torre de Meira
A Fraga
O Leñador
A Paralaia

PRAIAS

Moaña é unha vila que ten moito por ofrecer a quen a visita, tanto para aquelas persoas que veñen pasar unha xornada de lecer, como para as que deciden gozar das súas vacacións no noso concello. Natureza e bosques autóctonos, aqueles que conservan aínda a dignidade arbórea pese ao paso do tempo; prehistoria e pasado medieval que se conxugaron para dar paso a unha cultura mariñeira arraigada no sentir da vila; música e folclore que acompañan celebracións senlleiras e competicións deportivas do máis alto nivel e, como non, praias que invitan ao refuxio nestas nosas augas atlánticas -que tan boa gastronomía nos agasallan- son algunhas das razóns polas que Moaña é sempre unha magnífica elección. As persoas que visitan Moaña por primeira vez fican abraiadas co ambiente calmo, coa tranquilidade de contar con todos os servizos necesarios e, sobre todo, coa calidade de vida que se respira nas nosas rúas e paseos... quen visita Moaña por primeira vez marcha coa idea de volver, e quen volve unha e mil veces, sempre atopa un novo motivo para retornar unha vez máis.

Unha das cousas que máis sorprende de Moaña é se optar por un día de sendeirismo no monte ou por un día de praia e relax, ou ben combinar as dúas opcións. Tamén sorprende o amplo patrimonio -para moitos persoas, descoñecido – que permite coñecer dende unha mámoa, restos de castros,

petróglifos, igrexas románicas, pazos, casas modernistas, patrimonio industrial... e tamén, tradición, moita tradición. En Moaña pódense escoller plans que se adaptan a todos os tipos de visitantes:

Para quen viaxa en familia:

Unha das mellores opcións para visitar Moaña con crianzas é **A Poza da Moura**, na parroquia de Domaio. Espazo natural no alto do río da Miñouba, conxuga tradición e simboloxía: os muíños de auga conviven coas lendas sobre mouros e o culto ás augas e coas magníficas vistas á ría que ofrece a contorna. Un lugar magnífico do que gozar da calma e natureza e por que non, dun refrescante baño nas augas da poza. Un lugar que fai as ledicias da cativada. O miradoiro de Fontenla, que está próximo, é outro lugar especial dende o que ter boas vistas.

Dende A Poza da Moura, continuando por San Lourenzo, resulta tentadora a opción de achegarse á **Chan da Arquiña**, aos pés do monte Gagán: trátase neste caso dun túmulo funerario neolítico dos mellor conservados en Galicia. O souto e a área recreativa que acompañan a mámoa permiten aproveitar un día de lecer na montaña; ademais, os dous novos miradoiros da zona regalan unhas fantásticas vistas da ría de Vigo.

No centro de Moaña tamén se pode gozar da natureza en familia, neste caso no **Sendeiro de Rial da Arca**: un percorrido sen dificultade que permite seguir o curso do regato e mergullarse na tranquilidade que ofrece este pequeno e céntrico oasis galego.

Unha das cousas que máis divirte as crianzas é buscar “as mascotas de Moaña”: *o león* do Rosal, *o can e o gato* do Pontillón, *o choco* (chamado Bufón) na alameda pretiño de *O Fisgón* e, como non, a nosa *balea* (chamada Anduriña) no Con; seguir o rastro destas **esculturas por Moaña** convértese nunha actividade cultural fantástica na que camiñar é un dos mellores beneficios. E, sen dubidalo, volverá o día no que os nosos magníficos parques infantís se volvan encher de gargalladas en San Bartolomeu, a alameda, O Real, Domaio...

Tamén hai opcións para aquelas familias que busquen gozar da **praia**: A Xunqueira ou A Videira son areas de augas ben tranquilas e que ademais se converten nunha boa opción para os que buscan algo de sombra.

Para quen ama o sendeirismo:

Unha das opcións máis escollidas en Moaña son as rutas de sendeirismo; dende a beira do mar podemos adentrarnos nos bosques que aínda conservan os carballos, castiñeiros, bidueiros... e tamén o aproveitamento dos recursos naturais: os muíños de auga tradicionais.

A ruta do río Fraga atrae cada fin de semana excursionistas que buscan o contacto coa natureza: a través dos máis de 12 km, as e os camiñantes poden deleitarse coa tranquilidade e o son do río, no que se espallan pequenas pozas e fervenzas de auga limpa e pura. A ruta da Fraga ofrece varias opcións: pódese comezar dende abaixo na praia da Xunqueira, na zona alta de Meira, facerse como percorrido lineal, ampliar a ruta circular na parte superior dende o torreiro do Millo, facerse no verán ou no outono...

A visita da Poza da Moura tamén se pode facer a través da **ruta dos ríos da Freixa e da Miñouba**; partindo dende o porto de Domaio, por exemplo, o camiño vai ascendendo seguindo os ríos ata chegar á poza e retornar de novo ao porto.

E para sendeiristas que lles gusta deleitarse coas mellores vistas, a **subida á cruz da Paralaia**. Pese a que non é a máis longa das rutas, é bastante intensa en canto ao ascenso; pódese comezar dende a

área recreativa do Leñador (outro espazo de lecer agradable) e dende alí tomar polo camiño que aínda hoxe en día se emprega o 25 de xullo para ir en romaría a Santiago de Ermelo (en Bueu). Dende a cruz, as vistas son privilexiadas con Moaña aos nosos pés. Este camiño coincide cunha das rutas BTT, polo que tamén as persoas afeccionadas ás bicis teñen en Moaña boas opcións.

Para quen busca a nosa cultura mariñeira:

Moaña é unha vila mariñeira e iso salta á vista por calquera dos seus costados. Os **portos de Moaña** son lugares de trasfega, de traballo diario e de constante movemento. Achegarse ao porto de Domaio ou ao de Moaña vainos permitir descubrir os balandros, os barcos dedicados ao traballo das bateas, actividade fundamental da que se extrae un dos produtos estrela de Moaña: o mexillón (recordemos que cada ano, en agosto, celebramos a festa de exaltación do mexillón). As bateas escoltan a nosa vila dende o mar e, sen querer abrir o debate, moitas persoas expertas sinalan Moaña como o primeiro pobo bateeiro de Galicia.

O porto de Meira, no que foi a **illa de San Bartolomeu**, ben merece unha parada: chegar a San Bartolomeu é ben sinxelo, soamente fai falla seguir o paseo marítimo que percorre o centro de Moaña. Precisamente, no alto da illa atópase a capela dedicada ao santo do medo, ao que lle teñen moita devoción os mariñeiros de Meira. San Bartolomeu é unha zona moi especial, un espazo verde para practicar deporte, no que aínda se conservan as instalacións das pequenas carpintarías de ribeira e no que hai un espazo para a memoria das mulleres de Moaña, o **museo das Carreiras**: trátase dun pequeno espazo de exposición ao aire libre no que se pode coñecer este traballo tan importante na historia de Moaña, a elaboración de cordas para os traballos do mar; xunto coas redeiras, estas mulleres facían dende terra un gran labor dedicado ao mar. Dende o peirao de Meira, temos unha foto de postal da enseada e centro de Moaña. Porén, quizais unha das fotos máis fermosas que se pode obter en Moaña é na praia da Xunqueira, cando no perfil do mar se debuxan as siluetas das nosas mariscadoras: atopadas traballando, con medio corpo metido na auga, é unha das imaxes máis identificativas da vila, e escoitalas traballar ao lonxe é un dos recordos máis bonitos das nenas e dos nenos dos colexios da Xunqueira.

O barrio da **Guía e do Latón** tamén son referentes da historia e desta cultura mariñeira, sobre todo en canto á construción naval máis punteira se refire. Dende a capela da Peregrina podemos optar polo paseo ata a praia da Borna por exemplo: este camiño vainos levar pola historia das **canteiras de pedra** coas que se construíu o porto de Vigo (moitos apelidos de orixe luso consérvanse aínda nunha zona á que chegaron moitos portugueses para traballar nas canteiras), pola contorna dos estaleiros e finalmente á praia da Borna (que garda entre os seus segredos, petróglifos).

Para quen segue as pegadas da historia:

O patrimonio cultural de Moaña é amplísimo: dende a mámoa da Chan da Arquiña ata a casa modernista do Foxón, varios séculos de historia foron quedando plasmados no concello.

A **patrimonio rupestre** conta con diversos representantes: xa falamos da Chan da Arquiña, pero son importantes tamén os **petróglifos** da Borna, en Domaio, os da Rega Pequena, A Xesteira e a Devesa do Rei en Meira, os dos Remedios en Tirán ou **castros** coma o de Montealegre en Domaio: as persoas interesadas neste tipo de patrimonio teñen moito por afondar en Moaña.

Tamén quen ama o **románico** atopará en Moaña que visitar. A igrexa de **San Martiño**, do século XII, é unha das xoias do románico do Morrazo; pese ás modificacións que sufriu ao longo da historia, destacan elementos coma a portada principal co seu tímpano e capiteis ou os canzorros laterais. A igrexa de **San Xoán de Tirán**, neste caso de comezos do século XIII, tamén é un exemplo do románico na vila, se ben é certo que revela unha etapa tardía de transición ao gótico: un

templo situado enriba do mar, de liñas simples e austeras que delatan a vinculación do templo coa orde cisterciense. Dous lugares que, sen dúbida, as persoas que seguen as famosas rutas do románico agradecerán descubrir.

A igrexa barroca de Santa Eulalia de Meira e o seu fermosísimo cruceiro do século XVIII; os pazos coma o do Rosal, Paxarín ou o do Real, que foi fábrica de salazón; a casa modernista de estilo indiano do Foxón; as capelas, os cruceiros, os lavadoiros, os muíños... son moitos os exemplos que se adaptan a todos os gustos e intereses, xa que, pese ao que algunhas persoas din, Moaña ten un amplo e rico patrimonio: soamente hai que querer coñecelo.

Ollar Moaña dende as alturas:

De igual xeito, en Moaña podemos atopar **diversos miradoiros** que nos ofrecen vistas privilexiadas: dende os máis recentes na zona do **monte Gagán** ata o propio **monte do Faro** (unha camiñada pola contorna do dolmen da Chan da Arquiña permítenos acceder a eles sen dificultade). O miradoiro da **Fontenla**, onde esperamos que en breve volva retornar a música do Morrasound, en Domaio; o **outeiro do Aviador** e a **torre de Meira**; o miradoiro da **Fraga** e o do **Leñador**, de acceso sinxelo en coche, o monte do **Con** ou o da **Mona** (este último a nivel do mar) ou a propia **Paralaia** son os mellores lugares para gozar de Moaña e da paisaxe atlántica dende unha perspectiva diferente.

De area e pedras molladas:

E, por suposto, os areais dende Domaio ata Tirán. Unha das preguntas máis comúns das persoas que nos visitan: as praias. Praias coma a do **Con**, coa súa bandeira azul, a da **Xunqueira** (da que moitos aínda recordan os postes de secado das redes), a da **Queixeira**, **A Fonte do Xelo**, **A Borna**, **O Río da Ribeira**, **O Niño do Corvo**... temos moitas e fermosas praias, con augas de gran calidade que invitan ao baño. Incluso para as persoas que lles guste practicar mergullo, poderán facelo na **costa de Ramil**, onde ademais se atopan as vaugneritas, un tipo de rocas formadas pola mestura de magmas.

Son moitas as opcións que Moaña presenta:

Temos montaña, bosques, mar, praias e sendeirismo.

Temos patrimonio rupestre, románico e medieval, barroco, modernista.

Temos tradición, romarías e festas como a do Carme, San Martiño ou Bronlle.

Temos unha fantástica gastronomía representada coas festas do Mexillón e do Naseiro.

Temos música e folclore co Festival Intercéltico, o Festival de Jazz ou o Morrasound.

Tedes mil razóns para visitar Moaña!